



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna**

Rúa Pallarón s/n  
27650 Navia de Suarna, Lugo  
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03  
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

# PLAN DE CONVIVENCIA

**Presentado ao claustro e informado e valorado positivamente o día 25 de febreiro de 2019**

**Presentado, valorado e aprobado no consello escolar: 7 de marzo 2019**

**CPI PLURILINGÜE DE NAVIA DE SUARNA**

**Navia de Suarna**

**Lugo**

- 1.** Análise da situación, diagnóstico previo da convivencia do centro
- 2.** Obxectivos específicos do plan de convivencia
- 3.** Descrición das medidas, actuacións ou programas que se desenvolverán, exemplos das posibles medidas a incluír:
  - Preventivas e de sensibilización, titorías, charlas, ...
  - Actuacións organizativas, de coordinación
  - Complementarias: programas base de habilidades sociais, autoconceito, plans de acción tutorial, ...
  - Equipos de mediación escolar
  - Escolas de pais, nais
  - Aula de convivencia inclusiva
- 4.** Protocolo de prevención e tratamento das situacións de acoso escolar.
- 5.** Concreción en cada unha das medidas, actuacións e/ou programas das persoas ou dos órganos responsables, destinatarios e procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución
- 6.** NOF, Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes de cada un e protocolo para detección de incumprimentos
- 7.** Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento, de conformidade co establecido nos artigos 32 ao 45 do Decreto 8/2015.
- 8.** Normas para o funcionamento da Comisión de Convivencia, composición, periodicidade das reunións.
- 9.** Mecanismos de coordinación e colaboración centro, familias e outras institucións
- 10.** Estratexias para a difusión do Plan de Convivencia
- 11.** Procesos de seguimento, mellora do Plan de convivencia

## **1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA DO CENTRO**

---

A existencia de conflitos e problemas de convivencia na escola non é un fenómeno novo, se ben, nos últimos tempos tense a percepción de que a indisciplina, as agresións verbais ou físicas, o acoso entre o alumnado, as faltas de respecto cara ao profesorado, etc se producen con moita máis frecuencia que en épocas pasadas. For real o incremento deste tipo de problemática ou for simplemente resultado da amplificación que exercen os medios de comunicación, ou mesmo da menor tolerancia cara a certas condutas entre o alumnado (p.ex. situacións de abuso leve entre o alumnado) o certo é que este tema cada vez suscita máis preocupación.

Desde a comunidade educativa as causas son atribuídas a moi diversos factores. Algúns, por exemplo, atribúenos aos cambios na consideración e grao de autoridade do profesorado; outros consideran que é un reflexo da sociedade actual e dos valores, actitudes e comportamento que transmiten os medios de comunicación; hai tamén quen cre que a propia estrutura do sistema educativo, onde conviven alumnado con diferentes motivacións, intereses e capacidades son os xeradores da conflictividade; outros inciden no papel das familias que moitas veces son acusadas de non exercer axeitadamente o seu labor educador ao non establecer normas claras e esixir responsabilidades aos seus fillos/as.

Desde a literatura sobre a Educación para a Paz e a Convivencia faise fincapé en que adoitamos a ter unha visión negativa do conflito, confundindo este coa forma empregada para resolvelo. Outra visión máis realista é aquela que considera que os conflitos son inevitables pois son o resultado da confrontación de intereses, opinións, aspiracións, etc das persoas e grupos. Polo tanto non se pode agardar que os conflitos desaparezan do medio escolar (pretender que un centro ou unha clase se manteña en calma continua, sen ningún tipo de incidente semella pouco realista), o importante é ser quen de tratar os conflitos de forma educativa para que o alumnado aprenda a resolvelos de xeito construtivo, a través da autoresponsabilidade ante as accións propias, e de estratexias como a comunicación, negociación, mediación e a avinza entre partes enfrontadas. Debemos entender o conflito, non coma un problema, senón como unha oportunidade a partir da cal, e en función da resposta dada ao mesmo, poderemos acadar efectos

positivos ou negativos para o proceso educativo e o clima escolar.

En definitiva, as causas dos problemas de convivencia, das condutas disruptivas, da indisciplina e fenómenos semellantes son moi complexas e variadas. Cada quen ten a súa propia opinión sobre os factores máis relevantes. Porén, no que si hai unanimidade, é en que os centros estamos obrigados a procurar novas formas de afrontar esta realidade, tanto para responder ao principio educativo da escola como espazo para aprender a convivir como para construír un clima de aula e centro que non interfira negativamente nos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado e profesorado.

O Plan de Convivencia será o marco facilitador dos valores democráticos de respecto ás diferenzas, tolerancia, participación, non violencia, resolución pacífica dos conflitos, cumprimento das normas, etc.

O presente plan pretende estar aberto e ser unha base sobre o que se seguirá traballando en vindeiros anos, para iso establécese o seguimento e avaliación do mesmo.

Este documento terá carácter flexible e revisable, polo que se levará a cabo un seguimento e avaliación do mesmo para comprobar se o plan de actuación está dando resultados e modificalo cando sexa preciso.

Para a elaboración deste plan así como para as medidas reeducativas, correctivas e sancionadoras terase en conta:

- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia do centro.
- Lei 27/2005, de 30 de novembro de fomento da educación e cultura da paz.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia.
- Instrucións do 17 de xuño de 2013 polas que se traslada o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos.
- NOFC do Centro aprobadas o 20/12/2018.

- Protocolos da Consellería de Educación publicados en Educonvives <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>: prevención e control do absentismo, TDAH, Protección de Datos, Identidade de Xénero, Prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

## 1.1. Análise Conceptual

Antes de tratar a elaboración do plan de convivencia cómpre satisfacer dous requisitos:

- Realizar unha análise terminolóxica e conceptual do que entendemos por convivencia, problemas de convivencia e disciplina, e factores positivos e negativos que inciden no clima escolar.
- Realizar unha análise de como é a situación de convivencia no centro para determinar cales son as carencias e incidencias máis frecuentes.

Para dar cumprimento ao primeiro punto imos basearnos nas instrucións dadas pola Consellaría de Educación na súa publicación Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia na que se recollen definicións operativas a conceptos coma: conflito, violencia, agresividade, bullying, disciplina, etc

**CONFLITO:** entendemos o conflito como a confrontación que se produce entre diversos intereses, actitudes ou valores entre dous ou máis individuos.

**VIOLENCIA:** existen moitas definicións sobre a violencia e os seus múltiples tipos. A violencia, segundo a definición da Wikipedia, é un comportamento deliberado que resulta, ou pode resultar, en danos físicos ou psicolóxicos a outros seres humanos, a outros animais ou a cousas (vandalismo) e adoita a asociarse, aínda que non necesariamente, coa agresión, xa que tamén pode ser psicolóxica ou emocional, a través de ameazas ou ofensas. Distintas sociedades aplican diversos estándares en canto ás formas de violencia que son ou non aceptadas.

Ademais da violencia física, existe outro tipo de violencia menos visible que é de carácter psicolóxico e emocional. Esta violencia é moitas moitas veces máis hostil que a física e maniféstase a través de desvalorizacións, ameazas, críticas, exclusións, burlas, intimidacións, etc.

**BULLYING:** podemos definilo como “ a violencia mantida, mental ou física, guiada por un individuo ou por un grupo e dirixida contra outro individuo que non é capaz de defenderse a si mesmo nesa situación e que se desenvolve no ámbito escolar”. Trátase dun maltrato entre iguais porque supón unha agresión verbal ou física reiterada cara a unha persoa de menor status de poder. Este maltrato pode adoptar diferentes formas:

Físicas: atacar fisicamente aos demais (patadas, empurróns, golpes,...)

Verbais: insultos, alcumes, ameazas, intimidacións, desafíos, malas contestacións, vexacións, humillacións, comentarios racistas.

Social: propagar rumores pexorativos, rexeitamento e exclusión social (ignorar, non deixar participar en certas actividades, xogos,...)

**VANDALISMO:** referímonos a aqueles comportamentos de destrución intencionais no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro ou das persoas.

**CONDUTAS DISRUPTIVAS:** son todos aqueles comportamentos que acontecen acotío nos centros e que poden estar relacionados cos procesos de aprendizaxe (non traer o material, non realizar as actividades e tarefas na aula e na casa, *pasotismo*,...), ou cos compañeiros e profesores (mentir, acusar falsamente, molestar e despistar na clase aos compañeiros, interromper as explicacións, chegar tarde, ter actitudes desafiante e falta de respecto, non acatar as normas e indicacións,...)

Habitualmente un problema que se produce nos centros é que o que entendemos por “**disrupción**” ou “**conduta disruptiva**” depende moito da apreciación de cada profesor ou profesora. Non é raro que unha determinada conduta dun alumno sexa percibida por algún profesor/a coma unha falta, mentres outros/as non lle dean importancia. A inconsistencia na valoración e aplicación das normas, é un primeiro problema que pode ocasionar graves prexuízos, dado que o alumnado non acaba de comprender como ten que comportarse. Por isto é totalmente indispensable que todo o equipo docente se poña de acordo sobre os comportamentos esixidos ao alumnado e a forma de corrixilos.

Nesta análise conceptual tamén é necesario recoller outra serie de conceptos de carácter positivo como son: a convivencia, disciplina, autoestima, empatía, asertividade, etc que teñen que orientar e guiar as nosas prácticas educativas cotiás co dobre obxectivo de acadar un bo clima de convivencia, e tamén para potenciar o desenvolvemento integral e

as competencias sociais do alumnado.

**CONVIVENCIA:** entendemos a convivencia como a capacidade de interactuar e compartir de forma libre e harmónica con diferentes individuos e grupos sociais respectando os dereitos dos outros e exercendo os nosos dereitos e deberes de forma asertiva.

**DISCIPLINA:** comunmente enténdese como o respecto a normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados a nivel de aula e centro. Outra acepción do concepto tamén moi acada no ámbito académico é o que fai referencia á capacidade de enfocar os propios esforzos para conseguir un fin. Esta última acepción estaría moi próxima aos conceptos de motivación e esforzo persoal á hora de afrontar as tarefas escolares.

**AUTOCONCEPTO E AUTOESTIMA:** o **autoconcepto** é a percepción que temos de nós mesmos. Vaise construíndo coa experiencia e tamén a partir dos xuízos, opinións e imaxes que os outros nos proxectan diariamente. A **autoestima** é a valoración subxectiva positiva ou negativa que unha persoa fai de si mesma globalmente ou dalgún aspecto en concreto. A nivel social representa os sentimentos positivos ou negativos que unha persoa ten de si propio. A nivel académico é a valoración que o alumnado fai de si mesmo en canto a satisfacción do seu rendemento.

**EMPATÍA:** é unha capacidade que consiste en recoñecer as emocións alleas, a dos compañeiros e compañeiras, as do alumnado. Consiste en ser quen de pórse na pel da outra persoa e sintonizar coas súas emocións.

**O DIÁLOGO:** é unha conversación entre dúas ou máis persoas, mediante a cal se intercambia información e se comunican pensamentos, sentimentos e desexos. Ten que ser un dos instrumentos prioritarios para resolver os conflitos. É necesario que o alumnado aprenda a escoitar activamente e a defender asertivamente con argumentos as propias propostas.

**ASERTIVIDADE:** a Wikipedia defínea como o estilo de comunicación aberto ás opinións alleas, dándolles a mesma importancia que ás propias. Parte do respecto cara aos demais e cara a un mesmo, aceptando que a postura dos demais non ten por que

coincidir coa propia e evitando os conflitos sen por isto deixar de expresar e afirmar o que se quere de forma directa, aberta e honesta.

**A RESPONSABILIDADE:** é un valor que se exerce cando cada persoa amosa unha disposición adecuada e afronta as accións necesarias para responder ás tarefas que se lle encomendan e para cumprir os compromisos contraídos

**O RESPECTO:** é unha actitude do ser humano para o recoñecemento, aprecio e valoración das calidades dos demais, persoas, animais ou cousas, sen o uso de prexuízos.

**A TOLERANCIA:** é unha actitude persoal de respecto ante o que é diferente aos propios valores morais, culturais, ideolóxicos, de xénero,...

## **1.2. Características do centro e do seu contorno**

O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna foi creado como Colexio Público de EXB no ano 1977, sendo transformado posteriormente en Centro Público Integrado co obxecto de impartir a ESO. A oferta educativa é de 2 unidades de Educación Primaria e 4 unidades da ESO.

Na actualidade a matrícula no centro é de 35 alumnos e alumnas, a maior parte procedente do concello de Navia de Suarna. Tamén hai alumnado que vén dos concellos limítrofes de Cervantes e San Antoín de Ibias en Asturias. A maioría vive en aldeas de menos de 50 habitantes, e só unha pequena porcentaxe vive na vila. Isto fai que a meirande parte dos alumnado utilicen os servizos de transporte escolar e de comedor.

É un centro tranquilo que se caracteriza pola ausencia de conflitos importantes, exceptuando algúns casos puntuais.

O equipo docente actual intégrano 15 profesores/as (1 de Educación Infantil, 2 de EP e 12 de ESO dos cales dous son itinerantes).

O centro localízase na capital do concello de Navia de Suarna. Trátase dun concello moi



accidentado situado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona setentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242,6 km<sup>2</sup> nos que se distribúe a súa escasa poboación de forma moi espallada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade de poboación (5,6 hab/km<sup>2</sup>).

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, vén perdendo de forma moi significativa poboación. Na actualidade o seu censo segundo o IGE (revisión do padrón municipal de 2017) é de 1.140 habitantes, poboación en gran medida envellecida cunha media de idade de 59,21 anos.

En canto á estrutura familiar observamos un predominio das familias extensas nas que conviven os avós, pais e fillos na mesma unidade familiar.

Os alicerces económicos do concello susténtanse no sector primario, fundamentalmente na agricultura e a gandería, tendo tamén certa relevancia o sector da construción e o sector servizos.

A oferta cultural e de lecer existente no concello é claramente deficitaria, aínda que hai unha biblioteca municipal o seu horario de apertura é moi reducido e a programación de actos culturais inexistente, salvo os organizados desde o propio centro.

Polo que respecta ás novas tecnoloxías o seu nivel de implantación tamén é moi deficitario, sobre todo no referido á conexión a internet de calidade.

## **1.2 Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.**

Como sinalamos, é un centro moi pequeno con poucos alumnado o cal inflúe de xeito determinante na convivencia entre o alumnado e o profesorado, xa que permite a existencia dun trato moi familiar entre toda a comunidade educativa. Este feito que consideramos positivo, tamén pode traer algún equívoco aproveitándose o alumnado e as súas familias da proximidade que amosamos cara a eles para esperar e en ocasións demandar respostas máis alá do ámbito educativo que non nos corresponden.

Un aspecto negativo que pode repercutir no funcionamento do centro é non haber na

práctica profesorado definitivo do centro posto que cada curso varia máis da metade do equipo docente.

Tamén inflúe na convivencia o feito de estaren agrupados en Educación Infantil e Primaria varios cursos na mesma aula.

### **1.3. Estado das relacións e da participación na vida do centro dos diferentes integrantes da comunidade educativa (profesorado, alumando, familias,PAS, Concello, ...)**

Para a análise e diagnóstico da situación actual e detección de necesidades dun xeito obxectivo elaboramos uns cuestionarios para que os distintos integrantes da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) nos achegasen información sobre a súa valoración do clima de convivencia e os problemas máis frecuentes no noso centro. No **Anexo I** recolleemos os resultados dos devanditos cuestionarios.

Por outra banda, a participación das familias na vida do centro é moi escasa, nin acoden as reunións de tutoría grupais, e optan, case sempre, por informarse uns días antes das avaliacións polo progreso dos seus fillos e fillas.

As relacións co Concello son moi satisfactorias, apoian e resollen dentro das súas posibilidades as demandas do centro.

### **1.4 Conflictividade detectada no centro**

<b>CURSO 2016-17</b>		Alumnado	
Partes Disciplinarios	2	3º ESO 1º ESO	Entrada violenta xogando ao fútbol a un compañeiro sen balón. Disputa verbal entre dous alumnos un de 3º da ESO e outro de 1º da ESO
Expulsións (3 días)	0		
Expediente disciplinarios	0		

<b>CURSO 2017-18</b>		Alumnado	
Partes Disciplinarios	2	4º ESO	Linguaxe soez e falta de respecto ao profesorado Intento incompleto de falsificar as notas

Expulsións (3 días)	0		
Expediente disciplinarios	0		

CURSO 2018-19		Alumnado	
Partes Disciplinarios	0		
Expulsións (3 días)	0		
Expediente disciplinarios	0		

Unha vez analizados os cuestionarios e despois de observar as incidencias máis frecuentes no centro nos dous últimos cursos podemos concluír en liñas xerais que a situación de convivencia diaria no centro pode cualificarse como aceptable.

O nivel de conflictividade é **moi baixo**, hai problemas de disciplina puntuais concentrados en certo alumnado que normalmente presenta asociado dificultades de aprendizaxe e escaso interese.

Son moi raras a presenza de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

A maioría dos problemas que se producen no centro poden ser englobados dentro das chamadas condutas disruptivas

As condutas disruptivas son todos aqueles comportamentos do alumnado dentro da aula que ocasionan efectos negativos para a aprendizaxe e o desenvolvemento normal das clases. Entre as máis habituais no centro atopamos:

- Non traer o material escolar necesario.
- Erguerse sen permiso da cadeira.
- Saír ou entrar desordenadamente
- Esquecer o material para o desenvolvemento das aulas
- Amosar falta de interese, “pasotismo”
- Falar sen permiso e interromper ao profesorado nas súas explicacións.
- Empregar linguaxe inapropiada
- Non prestar atención.
- Disrupcións leves na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros,

Obsérvase, moi de cando en vez, en certo alumnado da ESO, disputas verbais que se

poden desenvolver empregando un ton de voz elevado e proferindo teros malsoantes e insultos que convén atallar a través do ensino de alternativas máis correctas de discusión.

Durante os últimos cursos non se deron casos de agresividade física en forma de pelexas, aínda que ás veces se producen empurróns e pequenos golpes sobre todo á entrada e saída das aulas. Porén, estas acción non teñen un carácter intencional e responden máis ben a un exceso de enerxía asociado á adolescencia.

Á luz dos cuestionarios do alumnado, observamos que moi puntualmente se producen certos problemas de convivencia máis difícil de detectar como abusos leves así como actitudes de rexeitamento ás que hai que estar especialmente vixiantes.

#### **1.4 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas**

Ao ser un centro tan pequeno, as actuacións no ámbito da convivencia desenvolvidas realízanse a maioría das veces de xeito global e transversal pero tamén a través das titorías: educación para a paz, non discriminación, igualdade, educación non sexista, charlas e obradoiros de educación dixital e prevención do ciberacoso, participación en certames da ONCE,...

No caso de observarse conflitos, normalmente a través do diálogo e da negociacións entre as partes chégase a solucionar sen complicacións.

## **2. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA**

---

### **2.1. Principios que dirixen o Plan de Convivencia**

Unha vez analizado o marco legal e conceptual así como as necesidades e principais conflitos que hai no centro, establecemos os principios nos que basearemos o noso Plan de Convivencia:

- O deseño, desenvolvemento, implementación e avaliación dos diferentes elementos do Plan de Convivencia é un labor aberto a toda a comunidade na que todos necesariamente debemos estar implicados.
- A familia xoga un papel fundamental á hora de establecer normas, límites e responsabilidades (acordes coas diferentes idades) así como de fomentar a autoestima, o respecto, o valor do esforzo, a tolerancia, ... Por isto é indispensable unha colaboración e comunicación estreita entre a familia e a escola.
- O Plan de Convivencia non pode ser entendido como a mera aplicación de medidas disciplinarias. O desenvolvemento de actitudes e habilidades para a convivencia ten un fin educativo en si mesmo. Daquela é primordial levar acabo accións de carácter formativo e preventivo que contribúan a desenvolver no noso alumnado as competencias sociais que lles permitan comportarse respectándose a si mesmos, ás demais persoas e as normas de convivencia do centro.
- É moi habitual que as actuacións sobre os problemas disciplinarios se centren en intervencións cos alumnos individuais, deixando nun segundo plano a influencia que o grupo de iguais ten nas condutas (tanto positivas como negativas) do alumnado. Esta forma de tratar os problemas disciplinarios compróbase, en ocasións, insuficiente e/ou ineficaz. Por isto temos que facer fincapé na importancia que pode xogar a acción titorial para orientar e dirixir as dinámicas grupais de cara a facilitar a cohesión e evitar que a existencia de líderes e/ou dinámicas de interacción negativas dificulten a convivencia e os procesos de ensino-aprendizaxe

na aula.

- O funcionamento do centro en canto ás normas de convivencia e as medidas correctoras que se apliquen basearanse no procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015 publicados pola Consellería de Educación na web Educonvives e no recollido nas NOFC do centro e no presente Plan de Convivencia.
- É totalmente indispensable que o equipo docente actúe de forma coherente e consistente no grao de esixencia das normas (que deberán estar claras) así como á hora de formular as medidas correctoras que terán que ser xustas e ter un carácter e propósito formativo, respectando escrupulosamente a dignidade e dereitos do alumnado.
- Entendemos que o equipo docente e directivo debe actuar con flexibilidade, moderación e criterio, tendo en conta á persoa e as diferenzas individuais do alumnado, tratando que as medidas correctoras que se apliquen se perciban como xustas e proporcionadas, procurando que as comprendan, acepten e se autoresponsabilicen das consecuencias das súas accións.

## **2.2 Obxectivos Específicos**

a) Planificar desde o centro e as aulas actuacións de carácter preventivo e de sensibilización dirixidas a potenciar un clima positivo baseado no respecto e observancia dos dereitos e deberes de cada quen, a tolerancia, a non discriminación e o diálogo entre todos os integrantes da comunidade educativa.

b) Fomentar o desenvolvemento de habilidades e competencias sociais, autonomía, autocontrol e unha autoestima positiva de todo o alumnado.

c) Promover a integración de todo o alumnado nos seus grupos de referencia en particular e na vida do centro en xeral de xeito que se sintan acollidos, considerados e seguros.

d) Priorizar a resolución dos conflitos entre o alumnado de xeito formativo mediante a

negociación e o diálogo, fomentando hábitos de escoita activa, expresión de opinións e establecemento de avinzas entre as partes coa axuda, se for precisa, da mediación doutros/as alumnos/as ou profesores/as.

e) Aumentar a formación e actitudes do profesorado, alumnado e familias cara a resolución positiva dos conflitos, o establecemento de normas e a xestión da disciplina na aula e nos domicilios.

f) Acadar unhas pautas de actuación consistentes e coherentes entre todo o profesorado para dar resposta aos problemas de disciplina e convivencia do alumnado, evitando contradicións na definición, valoración e corrección das mesmas.

g) Fomentar a participación das familias na prevención e resolución de conflitos e problemas de disciplina salientando a importancia que ten a existencia de normas, límites e rutinas diarias claras e consistentes no ámbito familiar.

### 3 PLAN DE ACTUACIÓN

---

#### 4.1 Descrición das actuacións do Plan de Convivencia e concreción dos responsables, destinatarios, recursos e procedementos de desenvolvemento.

<b>MEDIDAS PROTOCOLOS E ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN</b>			
<b>Actuacións</b>	<b>Responsables</b>	<b>Destinatarios</b>	<b>Recursos, procedementos e temporalización</b>
1. Difusión do Plan de Convivencia e as NOFC e normas de convivencia ás familias, profesorado e alumnado	Equipo Directivo, Orientador e titores	Toda a comunidade educativa	NOFC, Plan de Convivencia, Normas de Clase, folletos,...  Presentación e Información nos órganos do centro, CCP, claustro,...  Durante o 1º Trimestre  Reunións de aula coas familias dentro do plan de acollida.

			1º Trimestre
2. Acolida ao novo alumnado e profesorado	Equipo Directivo D.O. Titores	Alumnado e profesorado novo	Inicio do curso e cando se produzan novas incorporacións
3. Rexistro de condutas e comportamentos conflictivos habituais	Titores e Xefatura de Estudos	Profesora do e alumnado	Modelos de Rexistros Condutuais e de amonestacións Todo o curso
4. Actividades titoriais do Plan de Desenvolvemento da personalidade e a educación en dereitos humanos e do Proxecto Xogo de Maite Garaigodobil publicados na editorial Pirámide	Titores e Orientador	Alumnado	Durante todo o curso nas aulas de titoría fundamentalmente
5. Cuestionario de convivencia e clima escolar, intimidación e acoso, entrevistas individuais	Titores e Orientador	Toda a comunidade educativa	En xaneiro, e as entrevistas cando for necesario
6. Caixón de Queixas	Todo o centro	Toda a comunidade educativa	Todo o curso
7. Potenciar a asemblea de delegados e a participación de todo o alumnado.	Equipo directivo e titores	Delegados	Todo o curso
8. Entrevistas e seguimento individual co alumnado, e cos pais do alumnado con partes de incidencia	Xefatura de estudos, titor e orientador	Alumnado e pais/nais do	Durante todo o curso
9. Visionado de filmes que traten esta temática	Titor	Alumnado	Dependendo da programación das actividades de titoría de cada grupo
10. Seguir protocolos de	Titor, xefatura	Alumand	Cando se produzan as faltas



actuación cos alumnado que cometa faltas contrarias á convivencia.	de estudos,	o	
11. Celebración do día da paz, dereitos do neno, etc	Todo o centro		Nas datas nas que se celebre

### MEDIDAS E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

Actuacións	Responsables	Destinatarios	Recursos, procedementos e temporalización
1. Compromiso de todo o profesorado para consensuar a esixencia das normas e as pautas de actuación en materia de convivencia e disciplina	Todo o profesorado	Equipo docente	NOF, Plan de Convivencia, Normas de aula  Acordos tomados nas reunións do claustro, CCP e titores. 1º Trimestre, cun seguimento en todas as reunións de coordinación docente
2. Difusión e fomento da participación do profesorado en actividades e cursos e grupos de formación en centros relacionado coa convivencia, igualdade de xénero, ...	Profesorado	Equipo docente	De acordo o plan de formación do Consellería ofertado anualmente.
3. Participación nas actividades do Plan Proxecta	Equipo docente	Alumnado	De acordo coa convocatoria anual
4. Participación nas actividades organizadas polo Plan Director para a Convivencia e a seguridade nos centros educativos e a súa contorna	Departamento de Orientación	Alumnado	De acordo á convocatoria anual
5. Difundir as NOFC a	Equipo directivo	Toda a	Copia das NOF

principio de curso entre todos os integrantes da comunidade educativa	Titores o alumnado e familias	comunidade	Setembro e outubro
6. Vixiar as zonas comúns e organizar os xogos nos períodos de lecer	Profesorado e colaboradoras de comedor	Alumnado	Todo o curso
7, Elaborar e difundir un resumo das normas e protocolos de actuación nos períodos de lecer de despois de comer que están baixo a supervisión das coidadoras do comedor	Equipo directivo e responsable do comedor	Colaboradoras do comedor	Setembro
8. Organizar quendas de apertura da biblioteca baixo a supervisión dun profesor/a todos os períodos de lecer para estudar, consultar libros, xogos educativos, consultar internet, ...	Xefatura de estudos e coordinadora da biblioteca	Profesorado e alumnado	Organización do calendario de atención en setembro  Apertura da biblioteca durante todos os períodos de lecer do curso.

## 4 PROTOCOLO PREVENCIÓN DETECCIÓN E TRATAMENTO DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

---

Para a prevención do acoso escolar e o ciberacoso seguiremos o protocolo publicado pola Consellería de Educación no portar Educonvives e que se achega como anexo no presente Plan de Convivencia.

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo\\_xeral\\_para\\_a\\_prevenccion\\_deteccion\\_e\\_tratamento\\_do\\_acoso\\_e\\_ciberacoso\\_escolar\\_v.2.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_prevenccion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.pdf)

## 5 PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS

---

Achégase como anexo ao presente Plan de Convivencia un programa base de habilidades sociais elaborado polo departamento de orientación.

## 6 MEDIACIÓN ESCOLAR

---

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos no que as dúas partes enfrontadas recorren voluntariamente a unha terceira imparcial para chegar a un acordo satisfactorio para ambos. As persoas que desempeñan o papel de mediación non son os quen dan as solucións, só axudan para que a busquen as partes. Trátase dun método que promove a procura de solucións na que as dúas partes enfrontadas obteñen un beneficio evitando, deste xeito a postura antagónica de gañador – perdedor.

Hai que ter en conta de que non todos os conflitos son mediables: non se pode mediar nun conflito se unha das partes está sufrindo violencia por parte da outra (física, psíquica, acoso, humillación, racismo). Os conflitos que se poden mediar son disputas leves entre alumnos como insultos, rumores mal intencionados, malas relacións, amizades que se deterioraron, ..

Os principios nos que se basea a mediación son:

- É voluntaria.
- Utilízase o proceso de resolución pacífica de conflitos.
- É un acto cooperativo e non competitivo.
- Está orientado ao futuro.
- As dúas partes do conflito gañan.
- Non é ameazante nin punitivo.
- É confidencial.

Os obxectivos que se perseguen coa mediación son:

- Mellorar o clima escolar.
- Facilitar a comunicación e o entendemento entre as partes.
- Favorecer a resolución de conflitos de maneira pacífica no ámbito escolar.
- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociais.

## 7 A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

---

Constituída polos seguintes membros:

- Director/a
- Xefe/a de estudos de Primaria e Secundaria
- Dous profesores/as
- Unha/un alumno/a
- Un/unha pai/nai
- Un membro do persoal de administración e servizos.

Tendo en conta a nosa realidade e por razóns operativas optamos por que os profesores, pai/nai e alumno/a da comisión sexan os mesmos que os escollidos como representantes do Consello Escolar.

A comisión de convivencia reunirase, como mínimo, unha vez ao trimestre, presidida pola dirección ou a xefatura de estudos.

Terá carácter consultivo e, por delegación do Consello Escolar, desempeñará fundamentalmente as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade, incorporando as súas iniciativas e achegas.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- e) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- f) Elaborar unha memoria anual sobre a convivencia e conflictividade no centro.

## **8 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA E EXTERNA**

---

### a) INTERNA

- Reunións da CCP, Claustro e Consello Escolar.
- Reunións da propia comisión de convivencia.
- Reunións grupais dos titores/as coas familias.

### b) COLABORACIÓN EXTERNA

- Servizos sociais do Concello de Navia de Suarna
- Coas forzas de seguridade a través do Plan Director de Seguridade, solicitando charlas formativas e informativas para o alumnado e as súas familias cunha periodicidade mínima de cada dous cursos.
- Participación nas accións do Plan Proxecta relacionadas coa convivencia, igualdade

## **9 ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN**

---

- Páxina web do centro
- A principio de curso trasladarase unha copia aos titores para que a traballen nas titorías
- Unha copia estará a disposición de todo o profesorado e pais/nais nas dependencias da conserxería.
- Trasladarase unha copia a ANPA de estar en funcionamento.

## **10 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

---

Este plan de convivencia concretarase nun plan anual de convivencia elaborado pola comisión de convivencia e que se incorporará á PXA.

Nas reunións trimestrais da comisión de convivencia farase unha análise do desenvolvemento do plan de convivencia no que se recollerán as incidencias producidas ao longo de dito período, as actuacións levadas a cabo, os resultados acadados e as propostas de mellora que se estimase pertinentes.

Ao final de cada curso, a comisión de convivencia elaborará unha memoria do plan de convivencia que se incorporará á memoria final de curso e que recollerá:

- Grao de desenvolvemento do Plan de Convivencia (cadro adxunto).
- Consecución dos obxectivos propostos.
- Accións que se desenvolveron.
- Conflitos máis frecuentes e intervencións que se levaron a cabo.
- Propostas de mellora para o vindeiro curso.

ACTUACIÓN	RESPONSABLES	PRAZO	GRAO DE DESENVOLVEMENTO

## 11 ANEXOS

---

- Cuestionarios empregados para valorar a convivencia no centro e resultados obtidos nos tres últimos cursos.
- Orientacións para a xestión e establecemento das normas de aula.
- Orientacións para responder ás condutas disruptivas na aula, cuestionario para valorar a presenza de trastornos de conduta e/ou TDAH, e modelos para realizar rexistros condutuais.
- NOFC do centro
- Plan de Habilidades Sociais
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario  
[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo\\_de\\_consenso\\_sobre\\_tdah.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_consenso_sobre_tdah.pdf)
- Protocolo prevención absentismo escolar da Consellería de Educación  
[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo\\_de\\_absentismo\\_escolar.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_absentismo_escolar.pdf)

- Protocolo prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar  
[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo\\_xeral\\_para\\_a\\_prevenccion\\_deteccion\\_e\\_tratamento\\_do\\_acoso\\_e\\_ciberacoso\\_escolar\\_v.2.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_prevenccion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.pdf)
- Cuestionarios e indicadores para detectar situacións de acoso escolar e modelo de informe e rexistro de condutas de acoso entre iguais.
- Procedemento corrector de condutas, modelos normalizados publicados na web de convivencia da Consellería de Educación  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

**NOTA :Conforme atopemos ou elaboremos materiais apropiados para o plan de convivencia serán incorporados como anexo ao presente plan de convivencia Á parte dos recollidos podemos utilizar todo o material que a Xunta vaia publicando na páxina de Convivencia**

<http://www.edu.xunta.es/convivencia/plan.html>

## **12 BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA**

---

Materiais da Xunta de Galicia publicados en:

<http://www.edu.xunta.es/educonvives.html>

*El Orden en las Aula de Clifford H. Edwards*, Editorial CEAC

*Como prevenir la indisciplina de M<sup>a</sup> Jesús Carrascosa*, Editorial Escuela Española

*La Convivencia Escolar*, Escuela Española

*Modificación de la Conducta Problemática del Alumno*, Antonio Vallés Arándiga, Editorial Marfil

*Materiais do Catedrático de pedagogía Joan Teixidó* publicados en:

<http://www.joanteixido.org> e [http://www.joanteixido.org/pdf/gestio/normas\\_aula.pdf](http://www.joanteixido.org/pdf/gestio/normas_aula.pdf)

# ANEXO I : RESULTADOS ENQUISAS CONVIVENCIA CURSOS 17-18 e 18-19

## CUESTIONARIO CONVIVENCIA ALUMNADO DE ESO (CURSO 2017-18)

### 1. Como valoras os seguintes aspectos da convivencia da comunidade educativa no centro?.

CLAVES- 1:(moi malo) , 2: (malo), 3: (regular), 4:(bo), 5: (moi bo)						
(Marque o cadro que considere máis acaído tendo en conta a seguinte escala valorativa)	1	2	3	4	5	nc
1-O trato e relacións do profesorado co alumnado	0%	0%	31,25 %	25%	43,75 %	0%
2-O trato e relacións do alumnado entre si	0%	6,25 %	0%	62,5 %	31,25 %	0%
3-O trato e relacións do alumnado co profesorado	0%	0%	12,5 %	62,5 %	25%	0%
4-O trato e relacións do alumnado co persoal auxiliar, cociñeiras, coidadoras, conserxe, condutores...	0%	0%	6,25 %	43,75 %	50%	0%

### 2. Valora as seguintes cuestións a respecto da convivencia e as túas relacións no centro (marca cun X)

	Moi contento	Bastante contento	Algo a disgusto	A disgusto	nc
5- Vou ao centro	43,75%	56,25%	00%	0%	0%
6- Respecto aos meus profesores en xeral estou	43,75%	31,25%	25%	0%	0%
7- Respecto aos meus compañeiros estou	56,25%	43,75%	0%	0%	0%

	SI, con moitos	SI, con algúns	Con moi poucos	Con ningún	nc
8- No centro conto con bos compañeiros	100%	0%	0%	0%	0%

3. Algunha vez sentiches medo a ir ao centro (pon unha cruz):      SI      12,5%            NON      87,15%

### 4. Na túa opinión, cales da seguinte lista de situacións se teñen producido no centro con máis frecuencia nos últimos anos?.

1:(Nunca), 2: (Casi nunca, poucas veces), 3: (Algunhas veces), 4:(Case sempre, moitas veces), 5: (Sempre)						
	1	2	3	4	5	nc
9-No meu centro hai alumnado que insulta e se burla doutros compañeiros	12,5 %	43,75 %	25%	12,5 %	6,25 %	0%
10-No meu centro hai alumnado que pon motes molestos aos compañeiros/as	31,25 %	37,50 %	25%	6,25 %	0%	0%
11-No meu centro hai profesores/as que insultan, ridiculizan e se burlan do alumnado	50%	12,5 %	31,25 %	6,25 %	0%	0%
12-No meu centro hai alumnado que insulta ao profesorado	81,25 %	12,5 %	0%	6,25 %	0%	0%
13-No meu centro hai profesorado que sanciona inxustamente	31,25 %	25%	37,5 %	6,25 %	0%	0%
14-No meu centro hai alumnos/as que ameazan verbalmente a outros para meterlles medo	56,25 %	12,5 %	25%	0%	6,25 %	0%
15-No meu centro hai alumnos/as que agreden fisicamente a outros compañeiros	62,5 %	31,25 %	6,25 %	0%	0%	0%



	1	2	3	4	5	nc
16-No meu centro hai alumnos/as que agreden físicamente ao profesorado	100%	0%	0%	0%	0%	0%
**5. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:**

**CLAVES: 1:(nada), 2: (pouco), 3:(algo), 4: (bastante), 5: (moito)**

	1	2	3	4	5	nc
31-Reforzar a disciplina, a autoridade do profesorado e as normas no centro	28,57 %	14,29 %	42,86 %	7,14 %	7,14 %	0%
32-Reforzar a disciplina, a autoridade e as normas nos domicilios familiares	21,43 %	14,29 %	28,57 %	35,71 %	0%	0%
33-Que o profesorado teña máis apoio dos pais para o cumprimento das normas	7,14 %	35,71 %	28,57 %	28,57 %	0%	0%
34-Que todo o profesorado actuara de forma semellante a respecto das normas e sancións	7,14 %	28,57 %	14,29 %	35,71 %	14,29 %	0%
35-Actuar de forma máis dura co alumnado que incumpra as normas	21,43 %	21,43 %	14,29 %	28,57 %	14,29 %	0%
36-Traballar sistematicamente nas titorías o respecto ás normas de convivencia, valores democráticos, compañeirismo, traballo cooperativo e grupal,...	21,43 %	21,43 %	14,29 %	14,29 %	21,43 %	7,14 %
37-Mellorar a cualidade e frecuencia das relacións entre as familias e o profesorado.	14,29 %	28,57 %	28,57 %	21,43 %	7,14 %	0%
38-Que o profesorado tivera na clase un trato máis respectuoso e positivo cara os alumnos/as	35,71 %	7,14 %	21,43 %	21,43 %	14,29 %	0%

39- Que determinados alumnos actuasen como mediadores participando nas solucións dos posibles conflitos xurdidos entre o propio alumnado.	21,43 %	28,57 %	7,14 %	28,57 %	14,29 %	0%
40- Formar ao profesorado sobre estratexias para manexar e solucionar os conflitos de convivencia, e mellorar as relacións grupais do alumnado.	28,57 %		21,43 %	7,14 %	42,86 %	

## ANEXO II

### ORIENTACIÓN PARA A DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN NAS CONDUTAS DISRUPTIVAS E PROBLEMAS DE CONDUCTA

As seguintes pautas e orientacións foron recollidas destas dúas obras:

- ORJALES VILLAR, O (1989). Déficit de atención con hiperactividade. Madrid. CEPE
- VALLÉS ARANDIGA, A (1997). Modificación da conduta problemática na aula. Alcoy. MARFIL

En primeiro lugar hai que ter en conta unhas consideracións de tipo xeral:

1. Os comportamentos están rexidos polas consecuencias que teñen ou obteñen con ela; o que mantén, aumenta ou debilita unha conduta son as consecuencias da mesma.
2. Non existen receitas para resolver os problemas de forma inmediata, pero si hai pautas de actuación sistematizada que poden ser eficaces.
3. A conduta problemática cumpre un obxectivo para a persoa que a manifesta.
4. O primeiro paso será identificar as condutas problemáticas, a súa frecuencia e duración, as consecuencias da mesma para o actor é dicir o que consegue o neno con esas condutas, etc

#### Recomendacións xerais para a intervención nos problemas de conducta:

- Establecer normas de disciplina concretas, facéndoo de xeito explícito; é dicir, que o alumnado saiba exactamente que é o que se agarda del.
- Formular as normas da clase para todos, non só para o alumnado con problemas condutuais.
- Definir as condutas ás que se quere chegar, que deben se factibles. Por exemplo a un alumno hiperactivo non lle podemos esixir que traballe un período longo de tempo seguido, será mellor que traballe un período curto que descanse e que novamente volva as tarefas. As instrucións e respostas verbais dos adultos deben ser breves, precisas e concretas.
- A resposta do profesorado/pais ante a violación das normas ten que ser proporcional á importancia da infracción. É aconsellable que, antes de responder, os adultos se deteñan uns instantes a pensar e valorar tranquilamente o ocorrido.
- Reforzar de forma inmediata as condutas adaptadas e apropiadas. Trataríase de retirar a atención diante das malas condutas (na medida do posible) e premiar con recompensas as condutas positivas. As recompensas do profesor poden ser: privilexios da clase como borrar a pizarra, repartir o material, facer recados, pintar, adicarlle unha atención especial ao alumno/a, facer unha loubanza pública, etc
- Facer as correccións en privado e as felicitacións en público.
- Corrixir as condutas inadaptadas no momento no que se producen.

- É aconsellable que se responda aos actos de indisciplina con comportamentos concretos e previstos. Resulta bastante efectivo nos casos de incumprimento de responsabilidades e ante as condutas disruptivas, que o alumno/a perda algún privilexio xa adquirido.
- Os castigos deben ter unha duración limitada, non é útil prolongalos sistematicamente, pois son difíciles de cumprir, e poden resultar contraproducentes.
- Debe efectuarse unha aplicación flexible das normas de réxime interno do centro, pero sen facer excepcións. É importante que o alumno/a con problemas de conduta non perciba que pode facer cousas polas que os demais reciben as sancións correspondentes.
- Se o alumno/a o que busca coas condutas problemáticas é chamala atención é importante reforzar positivamente todo o que faga ben para que non teña que amosar esas condutas para acadala atención
- Os adultos deben estar atentos e discriminar os sinais que prevén a proximidade dun episodio de “rabetas”, desobediencia, rebeldía, etc; deste xeito, será máis doado controlalo afastando ao alumno/a da situación conflictiva, facilitándolle actividades e/ou situacións que o poidan distraer.
- Cando o neno ten que realizar tarefas novas, é útil ensaiar con el as tarefas ou condutas novas para guiar a súa actuación.
- Adaptar o entorno da clase, colocando ao alumno preto da mesa do profesor.
- Sentar ao alumno só, e se é necesario afastado dos outros compañeiros nos momentos que precise maior atención, pero sempre dende un lugar no que poida seguir as explicacións colectivas do profesor/a.
- Adaptar as esixencias das tarefas, de xeito que poida ir realizándoas por partes.
- Retirar a atención das malas condutas cando estas se produzan con moita frecuencia e reforzar coa atención do profesor as contrarias.
- Prestarlle atención ao neno nos momentos nos que está concentrado e atento.

## **PRINCIPIOS XERAIS DAS TÉCNICAS CONDUTUAIS**

1. Identificar e definir cales son as condutas que forman parte do comportamento disruptivo do alumno/a.
2. Observar e rexistrar durante uns días as condutas problemáticas, os momentos nos que sucede, intensidade, frecuencia, duración...
3. Unha vez identificados os comportamentos problemáticos e a frecuencia e consecuencias dos mesmos, hai que centrarse nas condutas como algo que se pode cambiar, evitando a xeneralización negativa a toda a persoa e observando as cualidades positivas que ten o alumno/a.
4. Hai que comezar por cambiar as condutas menos difíciles de modificar, dosificando as condutas en pasos pequenos reforzando cada un deles.

5. Se se trata, por exemplo, de incrementar a conduta de permanecer sentado na súa cadeira, debería reforzarse mesmo os escasos momentos nos que permanece nela. O reforzo social pode resultar o máis efectivo para aqueles alumnos/as que necesitan dunha maior autoestima e consideración do seu traballo.
6. É necesario centrar o reforzo sobre a actividade que está facendo o alumno/a, por exemplo "*esa suma estache saíndo ben*", "*ese debuxo está moi ben feito*"...
7. Toda conduta de movemento ou inquietude debería ser ignorada sempre e cando non resulte altamente perturbadora para a convivencia da clase. Neste último caso habería que aplicar o tempo-fóra tal e como máis adiante se sinala. En todo caso non se pode permitir que o alumno/a rompa a clase. Cando persista nas condutas disruptivas terá que saír da clase a un espazo onde estea controlado pero sen prestarlle a atención que suporía unha gratificación para el. Evitar que estea no corredor ou facendo tarefas nas que se poida entreter, divertir ou en onde se lle preste atención.
8. As condutas de movemento, de interacción anómala e de comunicación do alumno hiperactivo ou disruptivo resulta reforzada cando o profesor lles dirixe excesivos comentarios críticos continxente coa súa ocorrencia.
9. O logro de condutas incompatibles coa conduta hiperactiva debe ser gradual. Por exemplo, a un alumno/a que permanece máis de cinco minutos fóra da súa cadeira cunha frecuencia de 15 veces na xornada non debe esixírselle coma obxectivo inmediato que non se erga unha soa vez durante todo o día. É necesario reforzar pequenos pasos de acercamento á conduta terminal, no caso do exemplo reducir primeiro a duración dos momentos nos que se ergue da cadeira, e posteriormente a frecuencia.

## **I) TÉCNICAS PARA AUMENTAR AS CONDUCTAS POSITIVAS**

### **A) OS PREMIOS**

Un premio é todo acontecemento que seguido a unha conduta aumenta a probabilidade de que esa conduta se repita no futuro. Podemos premiar as boas condutas, pero en ocasións, sen darnos conta, premiamos dalgún modo as malas condutas e estas repítense cada vez con maior intensidade.

Os premios ou reforzos poden ser materiais ou sociais, exemplo de reforzos materiais son: doces, xogos, xoguetes, etc, exemplo de reforzos sociais son a aprobación do demais (un aplauso de toda a clase, un comentario do profesor, unha felicitación dos pais...) deixarlle ao alumno/a practicar algunha tarefa ou actividade do seu agrado. Exemplos de premios que o profesorado pode empregar na clase son:

- Privilexios de clase como borrar a pizarra, facer recados, repartir o material...
- Adicarlle especial atención ó alumno/a.
- Outorgarlle puntos individuais ou de grupo.
- Organizar autorregistros de rendemento (que o neno apunta nun rexistro cada vez que consegue un obxectivo proposto)



- O recoñecemento público diante dos demais alumnos ou diante dos profesores.

### ¿Como deben aplicarse os premios?

- Os premios deben estar relacionados coa conduta.
- Os premios deben ser algo desexado polo neno
- Non é necesario que os premios sexan caros ou extraordinarios. O neno pode gañar puntos para obter privilexios que consideremos que entran dentro do razoable: os xoguetes ou actividades que normalmente lle concederíamos.
- Premiar o proceso é máis útil que premiar o fin, por exemplo si queremos premiar o rendemento escolar dun alumno, quizás non sexa suficiente ofrecerlle un premio se remata con boas notas a fin de curso. Pode ser máis efectivo reforzar con puntos que poida cambiar posteriormente por premios ou mesmo darlle premios pequenos inmediatos ás condutas que o leven a aprobar: tal e como traer os libros, levar os deberes feitos, estudar todos os días un período de tempo previamente acordado, etc...)
- Canto máis pequeno sexa o neno máis inmediato debe seguir o premio á conduta desexada.
- Ao comezo os premios débense conseguir con pouco esforzo para que o neno/a gañe confianza nas súas propias habilidades. Despois para conseguir o mesmo premio o alumno/a deberá facer algo máis difícil ou de igual dificultade, pero durante máis tempo.
- Na medida do posible debe ser o mesmo rapaz o que vaia realizando un autorregistro das súas condutas e dos puntos ou premios que vai gañando.
- Os puntos ou premios materiais deben tender a extinguirse, é dicir, debe esixírselle ó neno un esforzo cada vez maior para conseguir o mesmo premio.
- Cada conduta que desexemos cambiar debe ter un premio independente
- Resulta moi eficaz utilizar os compañeiros como reforzadores: a aprobación ou desaprobación social é unha parte fundamental nos sistema de regulación social.

### **B) OS CONTRATOS DE CONDUCTA**

Consisten nun acordo escrito entre as partes afectadas (pais-fillos, profesor-alumno, titor-alumno,...) mediante o cal se regulan as condutas e as consecuencias que o alumno debe realizar e obter. A principal vantaxe é a obxectividade, o alumno sabe en todo momento cales son as consecuencias de realizar ou non determinadas condutas. As características que deben ter os contratos de conducta son:

- Os contratos deben ser negociados entre as partes.
- Deben explicarse claramente as consecuencias en termos positivos que debe realizar o alumno e as consecuencias positivas pola realización das mesmas,

así como as consecuencias negativas en caso de incumprimento.

- O contrato debe revisarse periodicamente para avaliar o seu cumprimento.
- O contrato de conduta está indicado para aqueles alumnos/as aos que se lle supón certa capacidade de responsabilidade no seu comportamento. Non é efectivo en nenos pequenos ou con escasa capacidade comprensiva.

### **C) ECONOMÍA DE FICHAS**

Esta é unha técnica moi apropiada para desenvolver condutas incipientes e asemade, resulta tamén moi útil para diminuír condutas problemáticas. A técnica consiste en establecer un sistema de reforzo mediante a utilización de fichas, tarxetas, puntos... para premiar as condutas que se desexan establecer. Realizando as condutas que se determinan previamente os alumnos son recompensados con fichas que posteriormente son intercambiadas por reforzadores materiais e/ou sociais previamente acordados. Esta técnica tamén pode ser empregada para reducir as condutas disruptivas.

## **II) TÉCNICAS PARA REDUCIR CONDUCTAS NEGATIVAS**

### **A) OS CASTIGOS**

Un castigo é calquera acontecemento que seguida a unha conduta negativa que desexamos eliminar, fai que diminúa a probabilidade de que esa conducta se repita nun futuro.

Resulta de moita utilidade que os castigos sexan consecuencia directa da mala conduta e que teñan relación con ela, deste xeito o rapaz non valora o castigo coma unha vinganza do profesorado senón como unha consecuencia do seu comportamento, por exemplo: "un alumno peléxase por ser o primeiro da fila e empuxa e tropeza con todos" neste caso o castigo pode consistir en ordenarlle que se coloque de último.

#### **Tipos de castigos**

- Realizar actividades que reparen a norma infrinxida, limpar o que mancho, recoller o que tirou, etc
- Suprimir unha actividade agradable
- Social: reprimenda en privado, retirar a atención do alumno,
- Tempo-Fóra: illar o alumno do que lle resulta gratificante por un período breve de tempo.

#### **¿Como deben aplicarse os castigos?**

- Un castigo debe supor un sinal para que o neno se dea conta de que traspasou un límite imposto a unha conduta.
- A aplicación prolongada de castigos provoca que o neno/a se acostume aos castigos, necesitando cada vez castigos máis contundentes para que sexan algo significativos para el, chegando un momento que o profesor xa non sabe como castigalo porque parece que todo lle dá igual. Os castigos seguen unha

progresión xeométrica crecente, de forma que para que un castigo siga funcionando cada vez debe ser máis intenso, chegando un momento no que xa non son eficaces.

- O castigo debe ter relación coa infracción, exemplo se tirou papeis ao chán, recollelo, etc
- Un castigo debe ser aplicado con coherencia e sistematicidade (sempre que se produza a conduta debe producirse o castigo )
- Cando aplicamos un castigo a unha conduta que se repite con demasiada frecuencia é posible que debamos substituír o sistema por un premio á conduta contraria.
- A eficacia dos castigos é limitada, pasado o castigo, a conduta vólvese a repetir. Está demostrado que é moito máis eficaz premiar as boas condutas que castigar as malas.
- Os castigos poden ser útiles se constitúen un límite para unha conduta, se son leves e relacionados coa conduta que se infrinxiu e se van acompañados do reforzo das condutas positivas contrarias ás que queremos eliminar.

### **Problemas dos castigos ou consecuencias negativas dos mesmos**

Aínda que os castigos é unha práctica cunha gran tradición hai debate ...

Estudos coma o realizado por Burden (1995) nos que fai un resumo das investigacións realizadas sobre o castigo destaca a posible existencia dos seguintes problemas:

- O castigo non sempre é eficaz para cambiar a conduta do alumnado; en realidade, provoca un aumento do mal comportamento cando o seu uso é xeralizado.
- O castigo non ensina cal debe ser a conduta axeitada
- O castigo fai que o alumnado habitualmente eviten o contacto con quen os castigou e pode que amosen comportamentos de evitación, coma mentir, enganar, faltar á clase, poñerse enfermos, etc
- O castigo pode estimular a agresividade nos estudantes. Esta agresividade diríxese normalmente contra outros alumnos/as que pasan máis desapercibidos ca eles.
- Os estudantes que reciben castigos frecuentes valoran menos a aprendizaxe e presentan actitudes negativas cara a escolar e os profesorados.
- Os efectos do castigo normalmente son específicos según un contexto e un comportamento determinado. Isto implica por exemplo, que castigar a un alumno por non estar sentado no seu sitio nun momento concreto non o disuadirá de volver a erguerse outro día.

## **B) TEMPO-FÓRA (O illamento)**

O illamento, como modelo especial de castigo, é unha técnica moi utilizada para eliminar unha conduta problemática e consiste en separar ao neno do contexto no que está ocorrendo a conduta anómala. Esta separación debe conlevar unha privación social. Por exemplo: separar a un alumno do resto de compañeiros da clase cando o seu comportamento sexa inaceptable e non se poida ignorar a gravidade do mesmo.

O illamento recibe tamén o nome de tempo-fóra (time-out). Un dos principais problemas que plantexa é o da elección do lugar de illamento social (patio, corredores. O novo contexto a onde se retire ao alumno durante un tempo aproximado de 5 minutos ou ata que cese a conduta anómala, debe ser un lugar non que non poida obter ningunha gratificación ou reforzo porque, do contrario, o lugar do illamento sería unha consecuencia agradable de molestar na clase, co cal se estaría reforzando a esta última.

Para que o illamento sexa efectivo o alumno ten que experimentar verdadeiro aburrimiento de modo tal que prefira estar na clase a estar illado, do contrario estaríamos reforzando os comportamentos disruptivos. Se o neno é illado nos corredores, ao atopar outros compañeiros para contarlles a súa aventura resultará reforzante para el. Por iso non son aconsellables os pasillos para efectuar o tempo fóra.

Algunhas veces adoita ocorrer que o alumno empeza un enfrontamento verbal co profesor, discusión que debería ser evitada a toda costa e non debería producir alteración emocional no docente. O alumno debe coñecer previamente cal vai ser a consecuencia da súa conduta sen a necesidade de ter que producirse discusións acerca do porqué de tempo-fóra.

### **Consellos e conclusións sobre a técnica do illamento:**

Antes de utilizalo debemos de asegurarnos de que o que persegue o neno co mal comportamento é chamar a atención. Despois para realizalo correctamente débense ter en conta os seguintes aspectos:

O profesor establecerá previamente unhas normas para toda a clase. Segundo as normas, calquera neno que faga parvadas ou moleste na clase deberá saír fora un rato ata que teña gañas de traballar.

Deste xeito cando un neno interrompa de calquera modo o traballo da clase, o profesor non terá que darlle explicacións. Collerao do brazo e sen miralo, mentres continúa a explicación mirando ós demais, colocarao fóra da clase, nun lugar no que non haxa moitos estímulos distractores, e de ser posible baixo a supervisión dalgún adulto (pero este adulto só o vixiará ao lonxe sen prestarlle ningunha atención)

Pasados uns minutos ( 1 minuto por ano de idade parece o recomendable), o profesor diralle a outro neno que vaia buscalo e o poña ao día do que ten que facer. Está totalmente contraindicado períodos de illamento superiores aos 20 minutos.

É moi importante asegurarse a correcta dinámica entre saír da clase, permanecer no lugar de illamento e volver entrar á clase de tal xeito que o funcionamento non quede á improvisación ou ao descontrol dos estímulos que puideran entorpecer o correcto illamento temporal do alumno.

Se a conduta problema aumenta ao indicarlle ao alumno que debe permanecer 5-6

minutos fóra da clase, debe aplicárselle un castigo moderado dun ou dous minutos en función da persistencia do problema. Por exemplo se ao darlle instrucións ao alumno de que se retire porque está dando berros que perturban a orde na clase e el continúa nos seus berros, deberáselle aumentar nuns minutos máis o tempo de illamento polo feito de persistir na súa conduta perturbadora.

Unha vez que o neno regrese a aula e se poña a traballar, o profesor prestaralle atención discretamente.

Esta técnica adoita ser máis eficaz que a ignorancia pasiva da conduta problema. Ademais ofrece maiores vantaxes que o castigo posto que non se lle ofrece ao alumno un modelo negativo.

### **C) CUSTE DE RESPOSTA**

Esta é unha técnica que combina o premio e o castigo. Basicamente consiste na entrega diaria de puntos que o neno pode conservar ou perder dependendo do seu comportamento. Cada vez que o neno se comporta de forma inadecuada perde unha serie de puntos. O remate do día, poderá cambiar os puntos sobrantes por premios como: tempo de lecer, actividades do seu agrado, caramelos...

### **D) PRÁCTICA POSITIVA**

Consiste en pedir ó neno que realice a conduta correcta unha e outra vez de forma esaxerada. Un exemplo pode ser cando atopamos o rapaz correndo polos corredores, " como non sabes controlarte e corres polos corredores debes adestrarte, así que volve a clase e recorre o corredor andando a modo cinco veces"

### **E) AS REPRIMENDAS**

Os especialistas non aconsellan utilizar reprimendas con nenos hiperactivos ou con problemas de comportamento persistentes porque acostuman a traducirse na práctica a momentos nos que se presta moita atención o neno e non acostuman a ser efectivos. Aínda así as reprimendas poden resultar eficaces se cumpren algunhas condicións:

- Deben ser reprimendas breves, porque as prolongadas resultan reforzadoras pola atención selectiva que os pais ou profesores lle están dedicando mentres refíen.( lembrar que en ocasións para estes nenos é moito máis doado chamar a atención por un comportamento negativo que por un positivo)
- Deben producirse cada vez que o neno cometa a conduta que queremos eliminar.
- Deben producirse de forma inmediata á aparición da conduta negativa que queremos eliminar.
- Deben ser illadas, é dicir, débese facer "borrón e conta nova". Se un rapaz comete unha mala conduta, recibe a súa reprimenda e non se lle volve a lembrar o cabo do día o mal que se porta.

Deben ir acompañadas de palabras de alento ou reforzo cando o neno se estea portando

ben. Debe polo tanto seguir a reprimenda un reforzo positivo do primeiro bo comportamento que se lle observe o neno inmediatamente da conduta que castigou.

### **Outras recomendacións prácticas:**

- Érguese constantemente do asento. Ignoralo cando acode a nosoutros sen o traballo rematado. Ir ó seu asento a velo cando está traballando sentado. Darlle un respiro si pensamos que necesita moverse. Reforzalo con puntos se traballa sentado. ( os puntos serán cambiados por algunha actividade, ou outro tipo de reforzo o chegar a unha determinada cantidade pactada previamente)
- Molesta ós compañeiros de pupitre. Dispoñer de pupitres illados pegados a unha parede como lugares para traballar tranquilo, reforzando positivamente co retorno ó grupo cando a conduta sexa positiva.
- Fai grazas para que todos se rían: se non responde á chamada de atención, o profesor enviarao fora da aula para que descanse, logo mandará a un compañeiro buscalo que será o encargado de explicarlle as tarefas que ten que facer. Cando estea fóra da aula pode estar nun espazo onde un profesor de apoio se responsabilice del pero sen prestarlle atención, esixíndolle que realice o traballo.
- Frústrase facilmente, cando non lle sae un exercicio rómpeo. Ensinarlle formas alternativas de reaccionar: por exemplo erguer a man e pedirlle axuda ó profesor. Adaptar as esixencias da tarefa.
- Non remata as tarefas, distráese e parece pouco motivado. Adaptar a esixencia da tarefa á súa capacidade de atención, estruturando a tarefa en tempos curtos.
- Reforzar o traballo ben rematado. Reforzar con atención cando está sentado traballando.
- Dispérsase con facilidade. Non escoita cando se explica algo na clase. Facelo participar na explicación. Facerlle preguntas cotiás e doadas para que se anime ao ver que controla as respostas. Acercarnos a súa mesa e continuar a explicación alí.

## ANEXO III

### ORIENTACIÓNS PARA A XESTIÓN E O ESTABLECEMENTO DE NORMAS DE AULA

A aula é o espazo onde pasan maior tempo o alumnado, nela ademais de producírense os procesos de ensino-aprendizaxe teñen tamén lugar os procesos de socialización dos alumnos/as a partir das interaccións entre iguais e das interaccións cos adultos. A calidade destas interaccións, as normas e valores que se establecen, as dinámicas grupais que se producen van condicionar non só os procesos de aprendizaxe senón tamén o desenvolvemento persoal, social e moral dos alumnos e alumnas.

Debemos partir de que non existen receitas máxicas, que para a xestión eficaz da aula e a prevención dos conflitos e para a construción dunhas dinámicas grupais positivas non existen procedementos infalibles para ser aplicados con carácter xeral en todos as clases. Cada grupo forma un microcosmos no que se dan dinámicas de interacción propias que poden ter efectos positivos ou negativos para a aprendizaxe dos alumnado.

Non hai que esquecer a influencia que o grupo exerce sobre as condutas individuais dos seus membros sobre todo en determinadas épocas como pode ser a adolescencia. Por isto é fundamental complementar as intervencións individuais cos alumnos/as que presentan “problemas de convivencia e/ou disciplina” con intervencións a nivel de grupo clase para o cal as sesións de titoría poden resultar un instrumento privilexiado.

O catedrático de pedagogía da universidade de Girona Joan Teixido e colaboradores na publicación *Las normas de aula en la ESO*, ( que se pode consultar en [http://www.joanteixido.org/pdf/gestio/normas\\_aula.pdf](http://www.joanteixido.org/pdf/gestio/normas_aula.pdf) ) fai unha síntese a respecto do que entendemos por xestión da aula.

- a) A xestión da aula é todo aquilo que os profesores fan para asegurarse que o alumnado se enganche ás actividades de aprendizaxe propostas.
- b) A xestión da aula constitúe unha habilidade profesional básica dos docentes
- c) Hai moitas e variadas formas de conseguir que o alumnado se integre ao ritmo desexada da aula, o que dá lugar a estilos particulares.
- d) Son múltiples os factores que inciden na construción dun clima de aprendizaxe, entre os cales cómpre destacar:
  - as interaccións entre o alumnado
  - as relacións persoais alumno-profesor
  - a fixación de normas de convivencia, de rutinas e regras de traballo
  - o uso do espazo e do tempo
  - o agrupamento do alumnado
  - as estratexias de vixilancia
  - as habilidades para cortar a as situacións distorsoniantes e de reconducilas
  - etc

A continuación imos a referirnos a unha serie de aspectos e estratexias que pode ser de utilidade coñecer para procurar mellorar o funcionamento da aula. Reiteramos unha vez

máis, que non son receitas máxica, só son uns principios de actuación que poden axudar ou cando menos dar pistas para previr e manexar os problemas de convivencia e establecer un bo clima de aula.

## 1. Como inflúen os comportamentos do profesorado na conduta dos alumnos/as?

En primeiro lugar imos a expoñer os resultados das investigacións realizadas por BRIGS e que veñen recollidas por Espinar Bellón, Andrés no Manual Técnico del Tutor, Editorial Ágora; Málaga, 1989, sobre os efectos que ten sobre os alumnos as estratexias correctoras empregadas polo profesorado.

PROCEDEMENTO	EFECTOS		
	% Mellora	% Indiferente	% Empeora
Recriminación Pública	40	13	47
Recriminación Privada	83	10	7
Conversación particular eloxiosa e estimulante	96	4	0
Louvanza pública	91	8	1
Sarcasmo en público	10	13	77
Sarcasmo en particular	18	17	65
Recoñecemento público de que o alumno/a está mellorando	95	4	1
Manifestación pública de que o alumno/a está empeorando	6	27	67

## 2. Como podemos exercer unha autoridade asertiva ante a presenza de conflitos de convivencia e/ou condutas disruptivas que interfieren negativamente no desenvolvemento das clases?

No manual “El Orden en las aula” de Clifford H. Edwards, da Editorial CEAC, direncia tres estilos de exercer a autoridade:

- Estilo Asertivo
- Estilo non Asertivo
- Estilo hostil

Sinala que o profesorado responde asertivamente cando comunica de xeito claro os seus desexos e sentimentos aos estudantes. Os profesores asertivos establecen límites aos seus alumnos/as e aplícanos. Dan instrucións explícitas, como por exemplo “Deixa de correr polos corredores e camiña en orde”, “Deixa de escribir na túa mesa ou terás que



limpala”

Ese xeito de proceder garante unha maior conformidade as indicacións dos profesorado e contraponse a outras formas de exercer **autoridade non asertivas e outras de carácter hostil**.

O profesores/as non asertivos non conseguen que o alumnado saiba claramente que é o que desexan e que é o que non aceptan. Tampouco conseguen respaldar as súas palabras con unhas accións apropiadas e decisivas. Normalmente ameazan aos estudantes que se portan mal, pero nunca chegan a cumprir as súas ameazas. Algunhas veces mesmo fan a vista gorda e ignoran o comportamento inaceptable.

O profesorado que utiliza un estilo de autoridade de carácter hostil diríxese ao alumnado cun certo ton ofensivo, con frecuencia poden perder os nervios e escápanse comentarios despectivos que poden ser percibidos polo alumnado como humillantes.

### **3. Como exercer a autoridade de forma asertiva e eficaz?**

Algunha das estratexias que podemos intentar serían:

- Apoiarse nos deberes e dereitos e nunhas normas da aula consensuadas e coñecidas por todos.
- Manter unha actitude serena, sen perder os papeis e sen amosar un enfado incontrolado, evitando en todo momento o enfrontamento con el diante do grupo, xa que se el ou o grupo percibe que se saíu coa súa, a súa conduta quedaría reforzada.
- Emprazar ao alumno/a que presenta comportamento disruptivo para falar con el fóra da aula máis tarde.
- Deixarlle un respiro, un tempo para que se calme, centrando a súa atención noutra acción.
- Permitirlle que saia fóra da aula un tempo e que se incorpore cando estea máis calmado.
- Ignorar, na medida do posible, os comportamentos disruptivos de pouca intensidade, para non romper constantemente o desenvolvemento das clases. Porén hai condutas máis graves que non poden ser ignoradas e que é necesario atallar inmediatamente.
- Sempre hai que procurar referirnos aos comportamentos e ás normas que se quebrantan e non á persoa ou personalidade do alumno/a. Debemos evitar polo tanto expresións como: “Fulano es un vago que sempre estás molestando”, “Coa túa actitude nunca chegarás a nada”, etc
- Emitir ordes e mensaxes curtas, claras, directas con firmeza e tranquilidade.
- Facer referencia á conduta a corrixir e non recordar episodios anteriores, nin realizar comparacións con outros alumnos/as.
- As medidas correctoras presentalas como unha consecuencia da conduta, “como perdiches o tempo falando na clase tes que recuperalo no recreo”
- Empregar un ton de voz medio, unha postura relaxada, sen xestos ameazantes

coma sinalar co dedo.

- Evitar na medida do posible o castigo colectivo sobre a clase ou grupo.
- Utilizar medidas de presión indirectas sobre os implicados/as como pode ser centrarse no líder do grupo para que exerza o seu poder sobre os demais, empregar a presión do grupo (empezamos cando fulano estea en silencio)

#### **4. Como elaborar as normas de aula e as medidas correctoras?**

As normas de aula deben ser consensuadas entre o profesorado, o alumnado e o titor, correspondéndolle a este un labor de coordinación. As normas de aula deben basearse nas necesidades do profesorado e alumnado para desenvolver de forma óptica os procesos de ensino-aprendizaxe na aula. As normas teñen que especificar de forma realista as condutas agardadas do alumnado sen impoñer esixencias irrazoables.

Algunha indicacións que cómpre ter en conta a respecto das normas da aula son:

- Deben ser claras e concretas, para que resulte doado determinar se se cumpren ou non.
- É preferible que estean enunciadas en positivo, de forma que é mellor expresar un comportamento correcto que unha prohibición.
- Teñen que ser realistas e fáciles de cumprir.
- Deben ser xustas e comprensibles (non ser percibidas como arbitrarias procurando pola contra que se entenda o seu sentido e a súa razón de ser
- O seu número non debe ser excesivo
- Non poden ir en contra das normas establecidas no RRI e os dereitos dos alumnos/as.
- Deben elaborarse nas primeiras clases ou titorías de cada curso académico
- Cada norma deberá contar coa súa medida correctora que deberá estar relacionada coa norma que non se cumpre.
- É indispensable que todo o profesorado que imparte aula a un mesmo grupo comparta, interprete e esixa as normas de igual forma.
- Tamén se poden e deben incluír normas para o profesorado.

#### **As normas para o alumnado deben referirse polo menos aos seguintes aspectos:**

- a) Compromiso na asistencia, puntualidade e corrección na aula
- b) Compromiso para traer á clase todos os materiais escolares que se precisen (libros, cadernos, bolígrafos... e outros)
- c) Compromiso para realizar puntualmente as tarefas que encomenda o profesorado

- d) Compromiso para a escoita activa: atención, silencio e petición para intervir.
- e) Compromiso para respectar a todas as persoas da aula, sen interrompelas nin molestalas
- f) Compromiso para respectar o material da aula, individual e colectivo
- g) Compromiso para deixar a aula ordenada e limpa antes de abandonala, contemplando sempre o aforro de enerxía.

### **As normas para o profesorado deben referirse aos seguintes aspectos**

- a) Compromiso de puntualidade
- b) Compromiso de respectar a todas as persoas da aula
- c) Compromiso para explicar os contidos de maneira clara e razoada
- d) Compromiso de diálogo coas persoas da aula
- e) Compromiso de ser xusto nas apreciacións e cualificacións
- f) Compromiso de cumprir as normas acordadas e de facelas cumprir de maneira xusta e imparcial

### **A cada norma debe acompañar un tipo de medida correctora para o caso de**

**incumprimento.** Algúns criterios para elaborar estas medidas:

- ✓ Deben ser realistas e factibles.
- ✓ Deben gardar proporción coa falta cometida.
- ✓ Deben ser eficaces á hora de corrixir o comportamento inadecuado.
- ✓ Sempre que sexa posible, deben ir orientadas a corrixir o problema ocasionado polo infractor, polo que deben gardar unha relación lóxica co tipo de falta cometida.
- ✓ Non deben ir contra os dereitos fundamentais da persoa.
- ✓ Cada norma debe levar unha ou varias medidas correctoras graduadas, en función da magnitude do dano causado e considerando unha posible reincidencia. Entre outras posibles propoñemos as seguintes:
  - Advertencia razoada do profesor/a oral en público.
  - Advertencia razoada do profesor/a oral en privado, ao final da clase
  - Advertencia razoada do profesor/a por escrito
  - Perdida dun recreo suplementario no centro co profesor/a, realizando tarefas e/ou comprometéndose en cambios de conduta.
  - Realización de tarefas comunitarias (por exemplo, poñer a mesa no comedor, colaborar na biblioteca,...)
  - Perdida dun recreo da tarde do mércores co profesor/a para recuperar tempo perdido e realizar tarefas pendentas.

- Unha chamada telefónica aos pais por parte do profesor/a ou titor/a
- Para condutas máis graves ou non caso de reiteración das mesmas redactaríase unha amoestación escrita (“Parte de Incidencias”) dando coñecemento á xefatura de estudos, que a continuación seguiría o protocolo de actuación establecido no presente plan.

Nota: A bibliografía utilizada para realizarmos este anexo foi o Plan de Convivencia do IES de Ames ( A Coruña) e o libro El Orden en las aulas de Cliford H. Edwards da editorial CEAC e da seguintes páxinas web:

<http://www.joanteixido.org> e [http://www.joanteixido.org/pdf/gestio/normas\\_aula.pdf](http://www.joanteixido.org/pdf/gestio/normas_aula.pdf)

Versión 1	Aprobada en Claustro: Consello Escolar

Francisco Trashorras Lodos

Director